

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

5619 *Orde ARM/831/2009, do 27 de marzo, pola que se modifican os anexos I e II do Real decreto 617/2007, do 16 de maio, polo que se establece a lista das enfermidades dos animais de declaración obrigatoria e se regula a súa notificación.*

O Real decreto 617/2007, do 16 de maio, establece a lista das enfermidades dos animais de declaración obrigatoria e regula a súa notificación, co fin do cumprimento do disposto na Directiva 82/894/CEE, do Consello, do 21 de decembro de 1982, relativa á notificación das enfermidades dos animais na Comunidade.

A Decisión 2008/650/CE da Comisión, do 30 de xullo de 2008, modifica o anexo I da Directiva 82/894/CEE, do Consello, relativa á notificación das enfermidades dos animais na Comunidade, incluíndo certas enfermidades na lista de enfermidades notificables e eliminando da lista a encefalomielite enterovírica porcina (antes denominada parálise contaxiosa do porco ou enfermidade de Teschen). Entre as enfermidades incluídas na lista do anexo I, epígrafe A, atópase a microquitose por *Mikrocytos mackini*, enfermidade que, aínda que non incluída na lista da Organización Mundial de Sanidade Animal, dada a súa importancia sanitaria, España considerou a conveniencia da súa notificación tamén á citada organización.

O Real decreto 1614/2008, do 3 de outubro, relativo aos requisitos zosanitarios dos animais e dos produtos da acuicultura, así como á prevención e ao control de determinadas enfermidades dos animais acuáticos, incorporou ao noso ordenamento a Directiva 2006/88/CE, do Consello, do 24 de outubro de 2006, recollendo no seu anexo IV a lista de enfermidades exóticas e non exóticas de especies acuícolas que son de declaración obrigatoria.

A Organización Mundial de Sanidade Animal (OIE) establece unha lista única de enfermidades de declaración obrigatoria, que substitúe as anteriores listas A e B, e modifícanse os criterios e períodos para a notificación das enfermidades.

Por iso faise preciso modificar os anexos I e II do Real decreto 617/2007, do 16 de maio, para a necesaria seguranza xurídica, e sen prexuízo da plena aplicación e do efecto directo da mencionada lexislación.

Esta orde dítase ao abeiro da habilitación conferida na disposición derradeira terceira do Real decreto 617/2007, do 16 de maio, pola que se faculta o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, actual ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, no ámbito das súas competencias, para a modificación dos seus anexos de conformidade coas previsións contidas na normativa comunitaria.

Na elaboración desta orde foron consultados as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. Modificación do Real decreto 617/2007, do 16 de maio, polo que se establece a lista das enfermidades dos animais de declaración obrigatoria e se regula a súa notificación.

Substitúense os anexos I e II do Real decreto 617/2007, do 16 de maio, polo que se establece a lista das enfermidades dos animais de declaración obrigatoria e se regula a súa notificación, polos anexos I e II desta orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 27 de marzo de 2009.—A ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, Elena Espinosa Mangana.

ANEXO I

Enfermedades

A. Enfermedades de declaración obrigatoria na Unión Europea conforme a Decisión 2008/650/CE, da Comisión, do 30 de xullo de 2008, e a Directiva 2006/88/CE, do Consello, do 24 de outubro de 2006, e a Organización Mundial de Sanidade Animal (OIE).

1. Enfermedades dos animais terrestres.

1.1 Enfermedades comúns a varias especies:

Lingua azul ou febre catarral ovina.

Febre aftosa.

Febre do Val do Rift.

Peste bovina.

Estomatite vesicular.

1.2 Enfermedades dos bovinos:

Encefalopatía esponxiforme bovina.

Dermatose nodular contaxiosa.

Peripneumonía contaxiosa bovina.

1.3 Enfermedades dos ovinos e caprinos:

Peste dos pequenos ruminantes.

Varíola ovina e caprina.

1.4 Enfermedades dos súidos:

Peste porcina clásica.

Peste porcina africana.

Enfermidade vesicular porcina.

1.5 Enfermedades das aves:

Influenza aviaria.

Enfermidade de Newcastle.

1.6 Enfermedades dos équidos:

Peste equina africana.

Durina.

Encefalomielite equina (todas as variedades, incluída a encefalomielite equina venezolana).

Anemia infecciosa equina.

Mormo.

1.7 Enfermedades das abellas:

Aethinose (pequeno escaravello da colmea *Aethina tumida*).

Tropilaelapsose (*Tropilaelaps spp.*).

2. Enfermedades dos animais acuáticos.

2.1 Enfermedades dos peixes:

Anemia infecciosa do salmón.

Enfermidade causada polo herpesvirus Koi.
Necrose hematopoética infecciosa.
Necrose hematopoética epizoótica.
Septicemia hemorráxica viral.
Síndrome ulcerosa epizoótica.

2.2 Enfermidades dos moluscos:

Infección por *Bonamia ostreae*.
Infección por *Bonamia exitiosa*.
Infección por *Marteilia refringens*.
Infección por *Perkinsus Marinus*.
Infección por *Mikrocytos mackini*.

2.3 Enfermidades de crustáceos:

Síndrome de Taura.
Enfermidade da mancha branca.
Enfermidade da cabeza amarela.

B. Outras enfermidades incluídas na lista única da Organización Mundial de Sanidade Animal que, non aparecendo na epígrafe A deste anexo, están sometidas á obriga de comunicación nos termos previstos nos artigos 3, 4 e 5.

1. Enfermidades comúns a varias especies:

Carbúnculo bacteridiano.
Cowdriose (heartwater).
Enfermidade de Aujeszky.
Equinococose/hidatidose.
Encefalite xaponesa.
Febre do Nilo Occidental.
Febre hemorráxica de Crimea-Congo.
Febre Q.
Leptospirose.
Miase por *Chrysomya bezziana*.
Miase por *Cochliomyia hominivorax*.
Paratuberculose.
Rabia.
Surra (*Trypanosoma evansi*).
Triquinelose.
Tularemia.

2. Enfermidades dos bovinos:

Anaplasmosse bovina.
Babesiase bovina.
Brucelose bovina.
Campilobacteriose xenital bovina.
Cisticercose bovina.
Dermatofilose.
Diarrea viral bovina.
Febre catarral maligna.
Leucose enzoótica bovina.
Septicemia hemorráxica.
Rinotraqueite infecciosa bovina/vulvovaxinite pustular infecciosa.
Teileriose.
Tuberculose bovina.
Tricomonose.
Tripanosomíase.

3. Enfermidades dos ovinos e caprinos:

Aborto enzoótico de ovellas (*Clamidiosis ovina*).
Agalaxia contaxiosa.
Artrite/encefalite caprina.
Brucelose ovina e caprina (non debida a *Brucella ovis*).
Enfermidade de Nairobi.
Epididimite ovina (*Brucella ovis*).
Maedi-visna.
Pleuropneumonía contaxiosa caprina.
Prurigo lumbar (scrapie).
Salmonelose (*Salmonella abortus ovis*).

4. Enfermidades dos équidos:

Metrite contaxiosa equina.
Linfaxite epizoótica.
Gripe equina (virus tipo A).
Piroplasmose equina.
Rinopneumonía equina.
Varíola equina.
Arterite viral equina.
Sarna equina.

5. Enfermidades dos súidos:

Rinite atrófica do porco.
Cisticercose porcina.
Brucelose porcina.
Gastroenterite transmisible.
Síndrome reprodutiva e respiratoria porcina.
Encefalite por virus Nipah.

6. Enfermidades das aves:

Bronquite infecciosa aviaria.
Laringotraqueíte infecciosa aviaria.
Tuberculose aviaria.
Hepatite viral do parrulo.
Enterite viral do parrulo.
Rinotraqueíte do pavo.
Cólera aviaria.
Varíola aviaria.
Tifose aviaria (*Salmonella gallinarum*).
Bursite infecciosa (enfermidade de Gumboro).
Enfermidade de Marek.
Micoplasmose (*Mycoplasma gallisepticum*).
Micoplasmose aviaria (*Mycoplasma synoviae*).
Clamidiose aviaria.
Pulorose (*Salmonella pullorum*).

7. Enfermidades dos lagomorfos:

Mixomatose.
Enfermidade hemorráxica viral do coello.

8. Enfermidades das abellas:

Acaripisose das abellas.
Loque europea.
Loque americana.

Nosemose das abellas.

Varroose.

9. Enfermidades dos peixes:

Iridovirose da dourada xaponesa.

Viremia primaveral da carpa.

Xirodactilose (*Gyrodactylus salaris*).

10. Enfermidades dos moluscos:

Infección por *Candidatus xenohaliotis californiensis*.

Infección por *Marteilia sydneyi*.

Haplosporidiose (*Haplosporidium nelsoni*, *Haplosporidium costale*).

Infección por *Perkinsus olseni*.

Infección por *Mikrocytos roughleyi*.

Mortalidade viral das orellas de mar.

11. Enfermidades de crustáceos:

Baculovirose tetraédrica (*Baculovirus penaei*).

Baculovirose esférica (*Baculovirus* de tipo *Penaeus monodon*).

Necrose hipodérmica e hematopoética infecciosa.

Praga do cangrexo de río (*Aphanomyces astaci*).

Virose mortal dos xenitores.

12. Outras enfermidades:

Leishmaniose.

Varíola do camelo.

ANEXO II

Comunicación da enfermidade

1. Data de expedición.
2. Hora de expedición.
3. País de orixe.
4. Nome da enfermidade e, de ser o caso, tipo de virus.
5. Número de serie do foco.
6. Tipo de foco.
7. Número de referencia correspondente ao foco.
8. Rexión e localización xeográfica da explotación.
 - 8.1 Comunidade autónoma ou cidades de Ceuta e Melilla.
 - 8.2 Provincia afectada.
 - 8.3 Municipio afectado.
 - 8.4 Coordenadas xeográficas da localización do foco.
9. Outra ou outras rexións afectadas polas restricións.
10. Data de confirmación do foco.
11. Data de sospeita do foco.
12. Data estimada da primeira infección.
13. Orixe da enfermidade.
14. Medidas de control adoptadas.
15. Débese indicar o número de animais sensibles na explotación: a) bovinos; b) porcinos; c) ovinos; d) caprinos; e) aves de curral; f) équidos; g) para as enfermidades de animais de acuicultura, o peso ou o número $\times 1\ 000$ de animais sensibles; h) especies silvestres; i) para as enfermidades das abellas, número de colmeas sensibles.
16. Débese indicar o número de animais enfermos na explotación: a) bovinos; b) porcinos; c) ovinos; d) caprinos; e) aves de curral; f) équidos; g) para as enfermidades de

animais de acuicultura, o peso ou o número $\times 1\ 000$ de animais enfermos; h) especies silvestres; i) para as enfermidades das abellas, número de colmeas enfermas.

17. Débese indicar o número de animais que morreron na explotación: a) bovinos; b) porcinos; c) ovinos; d) caprinos; e) aves de curral; f) équidos; g) para as enfermidades de animais de acuicultura, o peso ou o número $\times 1\ 000$ de animais que morreron; h) especies silvestres.

18. Débese indicar o número de animais sacrificados: a) bovinos; b) porcinos; c) ovinos; d) caprinos; e) aves de curral; f) équidos; g) para as enfermidades de animais de acuicultura, de ser o caso (só crustáceos e peixes), o peso ou o número $\times 1\ 000$ de animais sacrificados; h) especies silvestres.

19. Débese indicar o número de cadáveres destruídos: a) bovinos; b) porcinos; c) ovinos; d) caprinos; e) aves de curral; f) équidos; g) para as enfermidades de animais de acuicultura, de ser o caso, o peso ou o número $\times 1\ 000$ de animais retirados e destruídos; h) especies silvestres; i) para as enfermidades das abellas, número de colmeas destruídas.

20. Data da finalización do sacrificio (cando proceda).

21. Data da finalización da destrución (cando proceda).

No caso da peste porcina, informarase tamén de:

22. Distancia á explotación porcina máis próxima.

23. Número e tipo de porcos (de cría, de engorda e leitóns, animais menores de tres meses de idade aproximadamente) que hai na explotación infectada.

24. Número e tipo de porcos (de cría, de engorda e leitóns, animais menores de tres meses de idade aproximadamente) enfermos na explotación infectada.

25. Método de diagnóstico.

26. Se a infección non tivo lugar na explotación, indicación da súa posible confirmación nun matadoiro ou nun medio de transporte.

27. Confirmación de casos primarios en xabarís, entendendo como tales aqueles que aparecen en zonas indemnes, é dicir, fóra das zonas suxeitas a restricións por causa de peste porcina clásica en xabarís.

Sen prexuízo do previsto no artigo 3, en caso de se confirmar algún abrocho de enfermidade das enumeradas no anexo I nos animais da acuicultura en explotacións das categorías I, II e III, compartimentos ou zonas libres, é dicir, indemnes de enfermidade, de conformidade co Real decreto 1614/2008, do 3 de outubro, relativo aos requisitos zosanitarios dos animais e dos produtos da acuicultura, así como á prevención e ao control de determinadas enfermidades dos animais acuáticos, deberanse notificar como focos primarios. Deberanse incluír o nome e a descrición do compartimento ou zona.

Os abrochos distintos dos mencionados na alínea anterior consideraranse abrochos secundarios. Os abrochos secundarios de enfermidades dos animais de acuicultura notificaranse mensualmente, salvo nos casos en que a enfermidade se faga endémica, que se rexerá para os efectos de notificación á UE e á OIE polo previsto no artigo 5.2.